

# MESA SECT R



RESUMO 22/06/09

## ORDE DO DÍA

**1º NEGOCIACIÓN DOS CRITERIOS PARA REAGRUPAMENTO DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.**

**2º ORDE POLA QUE SE REGULA A IMPLANTACIÓN, O DESENVOLVEMENTO E A AVALIACIÓN DO SEGUNDO CICLO DA EDUCACIÓN INFANTIL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

**3º ROGOS E PREGUNTAS**

### **1º CRITERIOS DE REAGRUPAMENTO**

**ANPE** consegue que a Consellería rebaxe o número inicial de alumnos de 20 a 14 en reagrupamentos no mesmo ciclo e de 15 a 12 en distinto ciclo (ata 10 se o reagrupamento e de EI + EP ou todos os cursos da educación primaria, nestes últimos casos estariamos a falar de excepcionalidades)

Esto supón unha mellora sustancial, non só sobre os criterios aplicados ata agora senón tamén ó quedar estes recollidos nun Acordo logrado pola maioría das OOSS (a excepción de CIG) que posibilita unha actuación conxunta e igualitaria a nivel autonómico, cuns novos criterios non só numéricos senón tamén pedagóxicos que suporán ademáis da creación de novas unidades de infantil, unha redución considerable de supresións de unidades e profesorado afectado. (Reducción de postos de traballo non quere decir supresión de profesorado, xa que a maioría de eses postos suprimidos aínda non estaban cubertos)

Conseguimos que se contabilicen os repetidores.

As unidades que escolaricen alumnado con NEE terán un tratamento excepcional e ocasional pero con cobertura provisional.

Os criterios recollidos neste Acordo serán de aplicación xeral por parte da Consellería co compromiso de que os casos excepcionais serán estudados polas correspondentes Xuntas de Persoal Provinciais.

Por último, insístiuse na necesidade de ofertar dende os CEFORES **formación específica para este profesorado.**

Educación Infantil	Educación Primaria	EI + EP
14 ( 4, 5 anos)	14 (mesmo ciclo)	* 10
12 (3, 4, 5 anos)	12 (distinto ciclo)	
	* 10 (todos os cursos)	

\* Excepcionalmente

## 2. ORDE POLA QUE SE REGULA A IMPLANTACIÓN, O DESENVOLVEMENTO E A AVALIACIÓN DO SEGUNDO CICLO DA EDUCACIÓN INFANTIL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

**ANPE** fixo constar o seu malestar pola entrega do Decreto de Infantil no momento de iniciar a Mesa sectorial para analizar a Orde que emanaba del, sobre todo tendo en conta que sufriu modificacións no seu desenvolvemento.

Con respecto á Orde presentada expuxemos con carácter xeral:

- **ANPE** valora positivamente que apareza reflectido o período de adaptación de comezo de curso, aínda que debería ampliarse a todo o mes de setembro. Este punto foi acadado: será de 3 semanas e adaptarase cada ano segundo o calendario. Así, o vindeiro curso abranguerá ata o 25 de setembro.
- **ANPE** considera fundamental que se recolla claramente na Orde a importancia da coordinación non só dentro do mesmo ciclo senón interciclos.

Con respecto ó articulado:

- a) **Artº 4:** Fálase das ratios: 25 por aula como se recolle na **LOE**.

**ANPE** propón:

- Unha redución da ratio ata 15 como así se recolle no programa do goberno.
- Modificación do punto referido ás aulas mixtas tendo en conta o Acordo que acabamos de asinar. *(Respostan que ese punto levarano a cabo progresivamente)*
- Desdobres en aulas con ratio máxima, por exemplo, na aproximación á lingua estranxeira.
- Seguimos a insistir na necesidade de recoller o **número máximo de alumnos con NEE (2 por aula)** e redución da ratio obrigatoria nestes casos.

- b) **Artº 5: ANPE** solicita que se amplíe o horario de aproximación á lingua estranxeira, xa que como se recolle no programa de goberno: téndese a “*unha educación trilingüe*”. (*Estudarase*)
- c) **Artº 6:** Tratamento das linguas oficiais: pedimos explicación deste punto; entendemos que se actuará aplicando a lexislación vixente en cada momento. (*corrobóranos*)
- d) **Artº 13:** Consideramos importante que se recolla “a garantía de que o titor debe seguir co seu grupo sempre que continúe no centro”.
- e) **Artº 14:** Pedimos que se cambie a redacción do punto 5 referente a “outros especialistas” xa que non só deben apoiar. (*estudarano*)
- f) **Artº 16: ANPE** esixe un esforzo por parte da Administración en canto a “garantir” unha formación cualitativa e cuantitativa. Ofertar formación específica ó profesorado especialista, ademais da que demandamos para o profesorado afectado por reagrupamento de alumnado de distinto nivel ou ciclo. (*están de acordo*)
- g) **Anexo V:** desenrola a proposta metodolóxica para o ensino de Inglés porque se suprimen os Proxectos de anticipación de lingua estranxeira.

**ANPE** propón que se elimine da Orde a especificación de *20 minutos*.

Pedimos ampliación de tempo: 1 hora e media en 3 anos. E 2 horas en 4 e 5 anos.

O propio centro dentro da súa autonomía distribuirá este tempo ó longo da semana.

O idóneo sería profesorado de infantil con perfil de inglés se queremos avanzar cara a unha verdadeira competencia lingüística en lingua estranxeira. (*A proposta considéranos interesante, estudarana para ver como se pode recoller ben na Orde ou ben en desenvolvementos posteriores*)

### **3. ROGOS E PREGUNTAS**

- **Que pasa cos Programas de Inmersión lingüística en galego?** Seguirán con eles pero non terán dotación económica.
- **Que pasa coas MRPs?** Estano a estudar porque non hai recursos económicos e teñen que priorizar.
- **Programa de gratuidade de libros de texto:** É unha situación preocupante e estano rematando, presentarano antes de que remate o curso, pero a idea que teñen é a de que se accederá a el por renta, non será unha medida xeral para todo o alumnado como o que había ata o momento.
- Está a piques de se publicar a Orde que recolle o programa de **Xeoloxía** e será materia de oferta no Bacharelato.
- **A resolución do Corpo de Catedráticos** está en trámite; estaba paralizado en Madrid, xa que dende o Ministerio se entendía que non había especialidades como así o recoñecían

Galicia e Cataluña, pero un ditame da avogacía do Estado deulles a razón e están a espera da súa publicación.

- **Profesorado de Secundaria en dúas listas e en determinadas especialidades:** estamos de acordo con mantelos, sempre que se poida dar solución a aqueles que decaeron das listas con anterioridade. (*A Administración di que informáticamente non é viable*).